

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac1795547186746297416.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 47-2024 Mobiliario e aparatos Coliving Artístico

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO E APARATOS PARA O ACONDICIONAMENTO DO COLIVING ARTÍSTICO.

Visto o expediente tramitado para modificar o plan de investimentos dentro do vixente orzamento do exercizo 2024, que leva asociada unha transferencia de crédito núm.: 47-2024, por un importe total de 15.082,65 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura as obrigas de carácter económico derivadas da adquisición de mobiliario e aparatos para o acondicionamento do *Coliving Artístico* que se solicitou polo Servizo de Desenvolvemento Local mediante un informe proposta e unhas prescricións para licitar a través de LECOL, polo importe antes mencionado (IVE incluído).

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, en concreto o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1383/2024, do 30.09.2024 así como os RCMOD Ref.: 65135/2024, por importe I de 15.082,65 €, do 27.09.2024.

Tendo en conta que se ván advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indadores e magnitudes económico-financieras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista do cumprimento da normativa, recoméndase analizar pormenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro.

Neste caso, considerase á vista do informe do servizo que inicia o expediente, que corresponde a aplicacións da mesma política de gasto, polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais, e ademais están vinculadas con proxectos financiados con recursos alleos, que non procede poñer en risco, polo que se estima admisible.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac1795547186746297416.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 47-2024 Mobiliario e aparatos Coliving Artístico

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 15.082,65 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
24100.22699	15.082,65 €	24100.62500	24XX00045	15.082,65 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	15.082,65 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		15.082,65 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.